



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Delitos de odio por orientación sexual e identidade de xénero

CONVOCATORIA: IGUALDADE convocatoria

GRUPO: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

ÁREA: Igualdade e violencia de xénero

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2024
MOD.IMPARTICIÓN:	MIXTO	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 16/03/2024 - 09:00h ao 25/03/2024 - 14:00h

RESPONSABLE: PEREZ MONTERO, TERESA [teresa.perez.montero@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Afondar no coñecemento dos discursos e delitos de odio contra as persoas LGTBI+ dende diferentes enfoques, partindo da súa propia conceptualización e achegándonos á realidade desta forma de violencia lgbtifóbica a través das cifras oficiais. Por outro lado, esta formación aborda a sensibilización e a mellora da comprensión da realidade das persoas LGTBI+ dende unha perspectiva interseccional, favorecendo o desenvolvemento de competencias e ferramentas para a integración da perspectiva da diversidade sexual na práctica profesional.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais; da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das Universidades do Sistema Universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).

PROGRAMA

- Introducción aos estudos de xénero e sexualidade: conceptos chave.
- A perspectiva sexolóxica da diversidade humana: a diversidade sexual.
- Evolución dos dereitos LGTBI+ no contexto español e galego
- A diversidade sexual na actualidade: realidades e demandas
- Prexuízos, discriminación e delitos de odio contra as persoas LGTBI+: regulación e límites.
- Os discursos de odio cara as persoas LGTBI+: regulación e límites.
- A realidade das violencias LGTBI+ no contexto español: observatorios e indicadores.
- A atención ás vítimas de delitos de odio por orientación sexual e identidade de xénero
- Ferramentas e recursos fronte aos discursos e delitos de odio.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP.

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA

LOCALIDADE: Telepresenza

INICIO / FIN: 21/05/2024 a 11/06/2024

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 11/06/2024 ás 18:30h

DOCENTES NOMEADOS

REXENERANDO S. COOP. GALEGA

LUGAR DE REALIZACIÓN

Sala telepresenza: O día 21 de maio de 16:30 a 19:00. Os días 28 e 30 de maio de 16:30 a 19:30. Os días 04 e 06 de xuño de 16:30 a 19:30. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sala telepresenza: O día 23 de maio de 16:30 a 19:30. O día 11 de xuño de 16:30 a 19:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>